- A colaboración entre o propio centro, os centros adscritos e outras institucións: número de reunións, asuntos tratados...
- A dinámica interna do centro: reunións co equipo directivo, coa comisión de coordinación pedagóxica..., acordos tomados, medidas adoptadas...
- Atención ás demandas de intervención: avaliación de alumnos, elaboración de informes psicopedagóxicos, promoción ou permanencia nun ciclo, atención a familias...
- Organización de apoios á integración: revisión de criterios, horarios, espazos...
- Adaptacións curriculares: dinamización, elaboración, desenvolvemento...
- Materiais de apoio: selección, adquisición, recopilación, difusión e oferta ó profesorado...
- Dinamización das titorías: reunións, distribución de material...

2) Instrumentos de avaliación.

Analizaranse as actas de reunións do departamento, os materiais elaborados, os informes realizados e calquera outra fonte de información que aporte datos sobre as actividades realizadas.

3) Memoria final.

Ó remate do curso elaborárase unha memoria descritiva sobre as actividades realizadas e cunha valoración acerca dos aspectos máis significativos da mesma.

Plan Anual de lectura 23-24

ÍNDICE

1. Obxectivos. Fundamentación.
2. Organización de espazos e tempos para a lectura.
3. Liñas de actuación prioritaria en relación co papel da biblioteca.
4. Seccións.
5. Rutinas de lectura. Actividades sistemáticas.
6. Recursos humanos.
7. Itinerarios lectores.
8. Actividades programadas e temporizadas.
9. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias.
10. Seguimento e avaliación.

O Plan Anual de Lectura (PAL) e o Proxecto Lector de Centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias clave que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns competentes, activos e solidarios.

O PAL é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector do Centro. Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara á súa utilización eficaz, comprensiva e ética. A formación da lectura comprensiva esixe, asemade, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico. Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

Tratamos de deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais da lectura e a escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que, nelas atópase a base de calquera tipo de aprendizaxe. Para o desenvolvemento deste Plan é necesario potenciar o uso da biblioteca escolar do centro, a través de actividades de dinamización que impliquen á maioría dos departamentos didácticos, así como a outros órganos da nosa contorna. Trátase, en definitiva, de implicar a toda comunidade educativa no proceso de adquisición do hábito lector.

1. *OBXECTIVOS.*

O presente Plan Anual de Lectura parte dunha análise do contexto do centro, así como a importancia da lectura no mesmo. Esta análise está baseada na observación de actividades relacionadas coa lectura levadas a cabo no centro, as enquisas de valoración á comunidade educativa e as dificultades atopadas.

Temos tamén en conta o noso modelo de biblioteca escolar, a actualización dos fondos e a validez e utilidade das propostas que se levaron a cabo durante o pasado curso escolar. En base a isto os obxectivos que marcamos son:

- a) Favorecer a adquisición e consolidación de hábitos de lectura, tanto en lingua galega, como en castelán e inglés, mediante o deseño e proposta de diferentes actividades de animación lectora a que orienten ao alumnado cara un aproveitamento saudable do seu tempo de lecer.
- b) Potenciar a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, así como a comunicación audiovisual, aproveitando os recursos materiais e tecnolóxicos que nos ofrecen o centro e o entorno social circundante.
- c) Proporcionar ao alumnado un itinerario educativo en Formación de Usuarios e Educación Documental que lle permita desenvolverse con autonomía na BE e traballar e comprender todo tipo de textos editados en formatos variados (impreso, audiovisual, multimedia...) Implicando a todo o alumnado e profesorado do centro.
- d) Ofertar ao alumnado diversos recursos, estratexias e técnicas (de estudo, observación e rexistro sistemático, traballo cooperativo e por proxectos, selección e tratamento da información, emprego dos recursos tecnolóxicos...) que lle permitan avanzar na competencia de aprender a aprender e progresar cara unha autonomía nas súas aprendizaxes.
- e) Revitalizar as prácticas educativas e a vida cultural do centro, a través de diversas propostas que impliquen a totalidade da comunidade escolar.
- f) Desenvolver entre o alumnado hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo e actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- g) Contribuír á integración das TICS no funcionamento diario do centro. Ofertar actividades e recursos a través da páxina web.
- h) Iniciar ao alumnado na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación fomentando habilidades para a busca, selección, procesamento, tratamento e comunicación da información e aprendéndolle a adoptar unha actitude crítica ante as mensaxes que se reciben ou elaboran.
- i) Favorecer o acceso igualitaria aos bens culturais de xeito que a BE se converta en promotora dunha auténtica educación compensatoria, tanto entre o alumnado e os membros da comunidade educativa que se atopan nunha situación cultural máis desfavorecida, como entre os que presenten necesidades educativas especiais.

Para a consecución destes obxectivos a nosa biblioteca escolar participa activamente en diferentes programas como : Radio na biblio, Biblioteca Creativa e Club de Lectura.

2. ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

Os espazos:

Contamos con diferentes espazos dedicados á lectura:

- A biblioteca escolar: conta con espazos e seccións que permiten tanto unha lectura relaxada de ocio, como unha de obtención e tratamento da información.
- Espazos de lectura informal na entrada do centro de primaria e outro na entrada de Infantil.
- Espazos de lectura informal nas zonas de recreo que contan con bancos e mesas. Tamén o salón de actos emprégase como espazo de lectura nos recreos con mal tempo. (Caixa lectura treboadas).

Os tempos:

- Dentro do horario escolar dedicamos un tempo diario de lectura de 20 minutos para a Hora de ler.
- O alumnado pode acudir á biblioteca durante os recreos (excepto xoves) habendo un aforo máximo de 25 usuarios/as. Ademais cada grupo de clase conta cunha hora semanal reservada en horario lectivo para facer uso da mesma.

3. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIA EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA.

3.1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN.

- Continuar coa catalogación, rexistro informático e adquisición de material de nova incorporación (programa *Biblio*). Rexistrar as novas adquisicións seguindo a clasificación da CDU acordada.
- Manter como mínimo o 50% de material en galego e 50% informativos, tendo moi en conta a bibliografía relacionada co PDI, o alumnado con NEE e as suxestións do alumnado e profesorado.
- Manter a asignación de tarefas aos membros do equipo (segundo dispoñibilidade horaria).

- Continuar coa colaboración do alumnado de 6º nos recreos da biblioteca. Animarémolos/las a que continúen con outras actuacións coma presentacións-recomendacións de libros, lecturas compartidas, obradoiros,...
- A biblioteca permanecerá aberta todos os días de 9:00 a 14:00 h, cunha sesión semanal mínima asignada a cada grupo-clase. A apertura polas tarde será de luns a xoves de 16:30 a 18:30, cun profesor/a de garda de outubro a xuño. Tamén estará aberta durante o recreo atendida por un mestra do equipo e polos colaborador@s (excepto xoves que está o club de lectura).
- Recoñecer a importancia dos Obxectivos da Axenda 2030 e a contribución das bibliotecas como espazos que ofrecen acceso e oportunidades para todos e todas e traballar a prol dunha educación de calidade.
- Continuaremos mantendo relación co resto da comunidade educativa, en especial cos distintos equipos: Convivencia, Tic e Dinamización Lingüística. E tamén coa ANPA, os servizos culturais do municipio e centros da contorna.

3.2. *DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA.*

- Continuar cos Boletíns de Novidades (2-3 ao longo do curso) informando dos novos fondos adquiridos pola biblioteca.
- Consultar, ao principio de curso (e aberto ao longo de todo o ano escolar), as necesidades dos titores/as e especialistas sobre os fondos que consideran que temos que mercar para a biblioteca.
- Facer uso das ventás da biblioteca que dan á entrada do centro para pegar carteis que informen ás familias das novas da biblioteca.
- Revisar os itinerarios lectores para traballar, por niveis, a temática do PDI.
- Elaborar como mínimo dúas guías de lectura (Nadal e Verán) para recomendar ao alumnado e ás súas familias.
- Exposicións de fondos da biblioteca para traballar certas temáticas e conmemorar datas significativas. P.e.: "Día de Rosalía", "25 de novembro", "8 de marzo",...
- Continuar cos blog da biblioteca, co da radio e do Club de Lectura, aloxados agora na páxina web do colexio:
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade>
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade/recunchoabadino>
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade/ospasapaxinas>
 - <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade/enclavedelamas>
- Contribuír á mellora das capacidades lectoras do alumnado e avanzar na incorporación da lectura dixital con préstamos de libros electrónicos e poder empregarlos dentro da biblioteca e das aulas. Tamén levándoos para casa.
- Introducir as "Tablets" e Escornabots na Biblioteca e nas aulas como canle, para a integración no centro, das tecnoloxías da comunicación actuando ademais como compensador social. Ademais do emprego das impresoras 3D e da mesa multitáctil. Continuar no programa Biblioteca Creativa.
- Propiciaremos o emprego dos recursos e servizos da BE no desenvolvemento das prácticas cotiás con apoio preferente ás metodoloxías activas. Uso do espazo "maker".

- Formación para o alumnado dentro do programa Radio na Biblio e continuidade do club de radio para o alumnado de 4º de primaria.
- Continuar coas actividades das *Mochilas Viaxeiras* e a dos *Libros que van e veñen* de Infantil.
- Continuar co Club de Lectura “Os Pasapáxinas” para alumnado de 5º de primaria.

3.3 FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIA INFORMACIONAL.

- Visita á Biblioteca por parte de todas as aulas, ao principio de curso, para facer as sesións de formación de usuarios. Tamén facer a formación de usuarios para o profesorado.
- Proposta de novo PDI: “O Teatro”
- Incidir na formación documental facendo fincapé nos cursos EDIXGAL.
- Promoción dos libros electrónicos.
- Dotar de recursos para investigación e tratamento da información (ALFIN).
- Diseñar e desenvolver programas para a adquisición de competencias informacionais e mediáticas, é dicir, as competencias de uso, tratamento e produción de información nos diferentes soportes e formatos, así como o tratamento das linguaxes dos diferentes medios de comunicación.

4. FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

- Continuar coa “Hora de Ler” durante os vinte minutos posteriores á hora do recreo. Manter as caixas cos libros para a “Hora de Ler”, para Infantil e Primaria. Rexistrar o contido no mes de setembro e rotando cada dous meses entre as aulas do nivel. Opcional preparamos o equipo de biblioteca ou as titoras co seu alumnado.
- Mochilas viaxeiras (unha por aula). 24 en total.
- Visitas ao centro de contacos, escritor@s, músicos e/ou ilustrador@s.
- Participación nas campañas de animación á lectura doutras entidades (editoriais, concello, biblioteca municipal ...).
- Hora de Ler no patio (manter dúas veces no curso, pode ser ao principio e ao final aproveitando o bo tempo).
- “Padriños e madriñas lectoras”. A ver se podemos retomar esta actividade. Un maior apadríña a un pequeno para gozar xuntos dunhas lecturas. Os pequenos/as elaborarán un pequeno agasallo en agradecemento ao traballo desenvolvido polos seus padriños e madriñas.
- Continuar proponendo concursos para fomentar a participación do alumnado co gallo do Día do Libro, Día da Paz,...
- Continuar coas celebracións relacionadas con datas concretas (Día Internacional das Bibliotecas, Día das Escritoras, Día do Libro infantil e Xuvenil, Día do Libro, Día da Muller, da non violencia, Día de Rosalía, da Poesía...) preparando carteis, recomendacións de títulos por idades, webquest,..

5. AVANZAR CARA UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA.

- Seguimos pensando nunha *biblioteca inclusiva* para mellorar a atención á diversidade. Por isto, continuaremos incluíndo na adquisición de fondos, materiais destinados a atención á diversidade e a multiculturalidade. Ademais incentivaremos para que haxa máis presenza de equipamentos e materiais adaptados ás necesidades do alumnado de NEE. Tamén continuaremos aportando fondos de Lectura Fácil e para traballar a Violencia de xénero, discriminación,... no estante habilitado en especial para esta temática.

6. OUTRAS ACTUACIÓNS.

- Coordinar, colaborar e participar activamente coa equipa de Dinamización da Lingua do centro, así como nas propostas dos plans das TIC e do Equipo de Convivencia. Mantemos unha reunión ao mes dos coordinadores/as para programar e organizar as posibles actividades conxuntas. (O equipo de Actividades Extraescolares non existe coma tal, e está integrado dentro dos outros equipos).
- Subscrición e/ou renovación a unha ou dúas revistas tanto para o alumnado coma para o profesorado.
- Formación dos membros do equipo en relación coas bibliotecas escolares. Asistencia a xornadas, cursos e encontros de BE.
- Continuar no programa Biblioteca Creativa.

7. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Criterios:

- Número de visitas á biblioteca polas distintas titorías, nos recreos e polas tardes, así como a cantidade de recursos prestados.
- Adecuación das actividades programadas, tanto referidas ao fomento á lectura, formación de usuarios, alfabetización informacional,...
- Preferencias polos materiais escollidos tanto polo profesorado como alumnado.

Procedementos:

- Faremos, coma sempre unha avaliación continua durante todo o curso, onde veremos se imos cumprindo cos obxectivos recollidos no proxecto e introducindo as modificacións que foran necesarias.
- Recollida das suxestións e preferencias do claustro, do alumnado e das familias.
- Rexistro do número de préstamos global e por titorías.
- Cuestionarios ao final de curso online para o profesorado e familias.
- Cuestionario para o alumnado, preferentemente os de 5º e 6º (dispoñen de ordenadores) no último trimestre.

Plan de Convivencia

NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO



CEIP

Lamas de Abade

INDICE**1. INTRODUCCIÓN****2. XUSTIFICACIÓN LEGAL****3. PRINCIPIOS SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO****4. PROCEDIMENTOS DE ELABORACIÓN, REVISIÓN E APLICACIÓN****5. MEDIDAS XERAIS DESTINADAS A FAVORECER A CONVIVENCIA**

5.1-DENDE O PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

5.2-DENDE O PLAN DE ORIENTACIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5.3-DENDE O ÁMBITO DA ACCIÓN TITORIAL

6. OBXECTIVOS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO**7. PRINCIPIOS XERAIS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA****8. DEREITOS E OBRIGAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA****9. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

9.1- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA TODOS OS MEMBROS

9.2- ALUMNADO

9.3- PROFESORES

9.4- FAMILIAS

9.5- NORMAS DE CONVIVENCIA POR ESPAZOS

9.6- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

9.7- ACTIVIDADES NO CENTRO

9.8- SAÍDAS DENTRO DA LOCALIDADE

9.9- DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE ENSINO APRENDIZAXE NO ENSINO A DISTANCIA

10. SERVIZOS, ESPAZOS E ORGANIZACIÓN

10.1 COMEDOR

10.2 TRANSPORTE

10.3 BIBLIOTECA

10.4 AUDIOVISUAIS

10.5 AULA DE INFORMÁTICA

10.6 SALA DE MÁQUINAS

11. CONVIVENCIA**12. TIPIFICACIÓN DAS CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA E CONDUTAS GRAVEMENTE PERXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**

12.1- CONDUTAS GRAVEMENTE PERJUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA**12.2- CONDUTAS CONTRARIAS ÁS NORMAS DE CONVIVENCIA****13. PROCEDIMENTOS CONCRETOS DE ACTUACIÓN ANTE DETERMINADAS SITUACIÓNS QUE AFECTEN Á CONVIVENCIA****13.1-MEDIDAS PREVENTIVAS****13.2-MEDIDAS CORRECTORAS**

- Ante condutas contrarias á convivencia
- Ante condutas gravemente perxudiciais para a convivencia
- Procedemento e responsable da aplicación
- Procedemento de mediación
- Medidas a aplicar para previr, detectar, mediar e resolver conflitos.
 - Actuacións preventivas
 - Actuacións conxuntas
 - Detección e tratamento do maltrato

13.3 AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA.

- Criterios e condicións para a atención do alumnado
- Profesorado que atenderá educativamente a aula
- Programación das actuacións do departamento de orientación
- Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula

14. MEDIACIÓN ESCOLAR**15. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO CENTRO: ÓRGANOS DE PARTICIPACIÓN NO CONTROL E XESTIÓN****15.1- CONSELLO ESCOLAR**

- Compoñentes
- Competencias
- Reunións
- Comisións

15.2- CLAUSTRO

- Compoñentes
- Competencias
- Reunións

15.3-ÓRGANOS DE GOBERNO

- Equipo Directivo
 - Compañentes
 - Competencias
- Dirección
- Xefatura de Estudos
- Secretario/a

15.4 –ÓRGANOS DE COORDINACIÓN

- Equipo docente
- CCP
- Titoría
- Outras Coordinacións
 - Biblioteca
 - Responsable TIC

15.5- EQUIPO DE ORIENTACIÓN E APOIO

16. RECURSOS MATERIAIS DO CENTRO

16.1. Materiais do Centro

16.2. Espazos do Centro

17. RECURSOS FUNCIONAIS

17.1. Horario Xeral do Centro

17.2. Información ás familias

17.3. Información ao profesorado

17.4. Información ao alumnado

17.5. Actividades Extraescolares e Complementarias

17.6. Réxime Administrativo

17.7. Réxime Económico

18. REFORMAS DO PRESENTE DOCUMENTO

1. INTRODUCCIÓN

O logro dos obxectivos xerais do centro ha de acadarse mediante unha actividade global que estenda os seus impulsos e influencias máis alá dun ámbito estritamente reducido ao coñecemento académico. A formación dos nosos alumnos debe tomar o referente do desenvolvemento integral das súas capacidades cognitivas, afectivas, físicas e conductuais. Devandita actividade integral ha de estar estimulada polo cumprimento das normas e a participación responsable de todos os membros da nosa comunidade educativa, no exercicio dos seus deberes, respecto aos seus dereitos, e dentro dun adecuado marco de convivencia que permita acadar os coñecementos, actitudes e valores que emanan dos obxectivos xerais das etapas educativas que se imparten no centro e en consonancia coas accións, normas e acordos das distintas disposicións legais.

En definitiva isto é, nin máis nin menos, que a promoción dos principios que se recollerán no noso Proxecto Educativo, inspirador das Normas de Convivencia, Organización e Funcionamento do Centro.

- A educación: dereito de todos.
- A educación integral para o pleno desenvolvemento da personalidade.
- A educación para a vida.
- A igualdade de oportunidades.
- A compensación das desigualdades sociais e culturais.

2. XUSTIFICACIÓN LEGAL

DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

3. PRINCIPIOS SOBRE A CONVIVENCIA NO CENTRO

Definímonos como un centro que a través do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e a súa práctica educativa promoverá:

- Un proceso de ensino e aprendizaxe de calidade, baseado na equidade, para que o noso alumnado desenvolva as súas capacidades e competencias nun contexto

normalizado e inclusivo, atendendo á diversidade das súas aptitudes, intereses, expectativas e necesidades.

- O desenvolvemento dun currículo rico en información e coñecementos, que incorpore os valores e o uso das ferramentas propias da sociedade da información e a comunicación así como o interese prioritario pola lectura.
- O exercicio da interculturalidade como medio para favorecer a acollida e inserción socio-educativa do alumnado pertencente a minorías étnicas e culturais en desvantaxe ou outros sectores sociais.
- A práctica da orientación e a tutoría como un medio para que o alumno desenvolva os procesos de madurez persoal e social, desenvolva a propia identidade e sistema de valores, así como a progresiva toma de decisións que o alumnado ha de realizar ao longo da súa vida.
- A participación democrática e a cooperación nos procesos de aprendizaxe, convivencia e organización do centro por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- O respecto polos dereitos e deberes de todos os membros da comunidade educativa e a garantía da súa protección e defensa; así como o respecto, intolerancia e a defensa da liberdade de pensamento e expresión.
- O aprecio e o respecto polo valor das diferenzas persoais e o rexeitamento polas desigualdades sociais promovendo relacións interpersoais baseadas no respecto mutuo.
- A convivencia escolar pacífica, favorecendo a cooperación e a corresponsabilidade, rexeitando o uso da forza, a violencia ou a imposición fronte ao débil e promovendo a práctica da mediación escolar como un medio para a resolución de conflitos a través do consenso e a negociación e como ferramenta decrecemento educativo.
- As relacións de colaboración e cooperación con entidades, asociacións e centros educativos da contorna como fonte de enriquecemento mutuo.

4.-PROCEDEMENTOS DE ELABORACION, REVISION E APLICACIÓN.

NORMAS	PROCEDEMENTO
Planificación de contidos	Equipo Directivo recolle información e confecciona pautas de elaboración. Xera os documentos que favorecen a participación de toda a comunidade educativa. Facilítase información e documentación á Comisión de Convivencia sobre normas de convivencia e pautas de elaboración.
Aplicación	Ao longo do curso
Revisión	Mediante avaliación das actividades realizadas.
Aula	A través das titorías, recóllense as aportacións. Acórdanse e aplícanas todos.
Mediación e Resolución de conflitos	Formación. Información do alumnado: Titorías. Incorporación nas estruturas do centro. Responsables: Profesores, director, xefatura de estudos, familias, orientadora, comisión de convivencia
Aprobación	Informadas pola comunidade educativa e aprobadas polo Consello Escolar.

5- MEDIDAS XERAIS DESTINADAS A FAVORECER A CONVIVENCIA NO CENTRO

As medidas xerais teñen un carácter preventivo e poden ser descritas a través dos documentos programáticos do centro.

Dende o PEC

O presente documento está destinado a consensuar e regular as Normas de Organización e Funcionamento do centro, que supón dentro do Proxecto Educativo o principal obxectivo destinado a favorecer a convivencia do centro. É por iso importante o seu coñecemento, así como o acordo e respecto por parte de toda a comunidade educativa do contido do mesmo.

Dende o Plan de Orientación e atención á diversidade

Consideramos que o mellor xeito de previr os conflitos e de fomentar a convivencia é o escrupuloso respecto aos principios expostos no Plan de Orientación do centro, uns alumnos adecuadamente atendidos segundo as súas necesidades particulares son sen dúbida o mellor panorama que dende o punto vista preventivo vai contribuír ao desenvolvemento dunha convivencia harmoniosa. A identificación de necesidades, a atención individualizada, a gradación de contidos, os reforzos educativos e apoios específicos, elaboración e seguimento dos plans individualizados de traballo, etc. son en última instancia elementos claves que inflúen e determinan de xeito indirecto pero decisivo a convivencia nas aulas.

Dende o ámbito da acción tutorial

Dentro do Plan de Orientación mención especial merece o apartado destinado á acción tutorial. Programas e accións destinadas á mellora das habilidades sociais, as relacións interpersoais e a competencia social, así como unha adecuada xestión do trato coas familias e cos propios alumnos van ser tamén decisivos no devir da convivencia do centro.

6.-OBXECTIVOS XERAIS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

Dentro deste marco e para o pleno desenvolvemento das normas de convivencia, organización e funcionamento teremos, como meta os seguintes obxectivos:

- Contribuír a lograr un desenvolvemento integral dos alumnos a través do desenvolvemento das Competencias Básicas.
- Fomentar os valores democráticos encamiñados á tolerancia, liberdade, respecto aos demais, así como para a cooperación e solidariedade, respectando as distintas culturas e formas de comunicación.
- Desenvolver a cooperación e o enriquecemento mutuo a través dacoordinación e comunicación e intercambio de iniciativas e experiencias.
- Respetar a integridade e dignidade persoais de todos os membros dacomunidade educativa.
- Fomentar a orde e a disciplina necesarias para a vida e o traballo escolar baseadas no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión, a colaboración, a solidariedade e o compañeirismo.
- Desenvolver progresivamente entre todos unha escola viva, participativa, dinámica e inclusiva.
- Fomentar as relacións de traballo e colaboración entre os docentes asegurando a coordinación entre as diversas etapas, ciclos e niveis de Ed. Infantil e Primaria.
- Fomentar a participación e cooperación de todos os membros da comunidade educativa, tanto internos como externos, no ámbito das súas competencias.
- Conseguir a implantación, respecto e observancia do Regulamento de Organización e Funcionamento do centro.
- Arbitrar modelos razoables para a resolución adecuada de conflitos
- Fomentar e desenvolver unha cultura ecolóxica en toda a comunidade educativa

7. PRINCIPIOS XERAIS DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

Artigo 1

1.1.- Son obxecto do presente Regulamento as normas de convivencia que deben ser observadas no recinto escolar, durante a realización de actividades lectivas, complementarias ou extraescolares e durante os traxectos no transporte escolar polos alumnos das etapas de Educación Infantil e Primaria do Colexio, así como a definición dos procedementos que deben ser seguidos cando sexan transgredidas e as sancións derivadas.

1.2.- Igualmente poderán ser obxecto de eventual sanción as actuacións do alumnado contrarias a estas normas de convivencia que, aínda que realizadas en calquera outro ámbito, estean motivadas por, ou repercutan na vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da Comunidade Educativa. **Artigo 2.**

Os comportamentos que vulneren estas normas de convivencia serán cualificados como Condutas contrarias ás Normas de Convivencia e Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no Centro, estas últimas poderán supor a incoación de expediente. Os alumnos non poderán ser sancionados por comportamentos non tipificados como faltas no presente Regulamento ou na normativa estatal e autonómica aplicable no ámbito escolar.

Artigo 3.

3.1.- Os incumprimentos das normas de convivencia han ser valorados considerando a situación e as condicións persoais do alumno.

3.2.- Os membros da Comunidade Educativa, e en particular o profesorado, porán especial coidado na prevención de actuacións contrarias ás normas de convivencia, procurando evitar o comportamento insolidario, agresivo e antisocial mediante o contacto e a cooperación constante e directa cos alumnos e cos seus pais ou titores.

Artigo 4.

4.1.- As sancións que haxa que aplicar polo incumprimento das normas de convivencia haberán de ter un carácter educativo. Ademais, procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da Comunidade Educativa.

4.2.- En todo caso, na sanción polos incumprimentos deberá terse en conta que:

4.2.1. Ningún alumno poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, salvo as excepcións marcadas para ese efecto no presente documento.

4.2.2. Non poderán imporse sancións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

4.2.3. A imposición das sancións previstas respectará a proporcionalidade coa conduta do alumno e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

Artigo 5.

Especificamente, a efectos da gradación das sancións que poidan imporse teranse en conta os seguintes criterios:

5.1.- Serán consideradas circunstancias atenuantes:

5.1.1. O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.

5.1.2. A petición pública de excusas, estimadas como suficientes polos afectados.

5.1.3. A falta de intencionalidade.

5.1.4. Eventualmente, a idade do alumno, cando así sexa apreciado polo órgano competente para a imposición de sancións, e que poderá ata xustificar o sobresemento dun expediente sancionador, cando así sexa apreciado polo órgano competente para a súa instrución.

5.1.5. Eventualmente, as circunstancias persoais, familiares e sociais do alumno, cando así sexan apreciadas polos órganos competentes para a instrución do expediente, ou para a imposición de sancións, e que deberán sempre ser consideradas por estes, para o que deberán solicitar os informes que estimen necesarios.

5.2.- Serán consideradas circunstancias agravantes:

5.2.1. A premeditación e reiteración.

5.2.2. A incitación ou estímulo á actuación irregular colectiva.

5.2.3. Alentar ao dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recentemente incorporados ao Colexio, ou causar estes por se mesmos.

5.2.4. Eventualmente, a idade do alumno, cando así sexa apreciado polo órgano competente para a imposición de sancións ou para a instrución do expediente.

5.2.5. Menoscabo ou trato vexatorio en razón de raza, sexo, principios éticos e relixiosos ou minusvalías e discapacidades.

Artigo 6

6.1.- Os alumnos que causen danos ás instalacións ou equipamentos do Colexio, danen ou substraian os seus bens ou os de calquera membro da Comunidade Educativa, quedan obrigados a reparar o dano causado ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación ou substitución, con independencia da tipificación que proceda como falta de acordo a este Regulamento.

6.2.- En calquera caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.

Artigo 7.

O Consello Escolar do Centro, a Dirección, a Xefatura de Estudos, os Coordinadores de nivel e os titores, segundo a gravidade das faltas cometidas, supervisarán o cumprimento efectivo das sancións nos termos que sexan impostas.

8. DEREITOS E OBRIGAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

a.- Docentes

Dereitos:

- A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

- A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

Deberes:

- Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

b. Alumnos

Dereitos:

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

Deberes:

- Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Pais/nais/titores:

Dereitos.

- A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

- A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas.
- A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes.

- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Orientacións ás familias:

As familias deben colaborar co colexio na educación dos alumnos:

- Velando pola regularidade e puntualidade na asistencia a clase, ou a calquera acto escolar previamente anunciado.
- Velando pola limpeza e aseo dos seus fillos cando acudan ó centro.
- Procurando que os seus fillos acudan co material necesario para realiza-las tarefas escolares.

- Tomando co maior interese as orientacións ou consellos que o profesorado ofrezca sobre os seus fillos, así como as cualificacións sobre o seu aproveitamento e conduta que figuran nos seus boletíns de notas que recibirán ó remate de cada avaliación.

Persoal non docente

Conserxes.

- 1.- A dependencia e relación laboral é exclusiva da Empresa contratada polo Concello.
- 2.- Os conserxes recibirán da Dirección do Centro as instrucións sobre os cometidos necesarios para o funcionamento do centro.
- 3.- O horario para presta-los servizos acomodarse ó que teña establecido o Centro a as súas necesidades.

Funcións:

- Apertura das portas e accesos principais do Colexio, antes do comezo e despois do remate da actividade escolar, respectivamente.
- Conexión e desconexión do sistema de alarma, de existir.
- Control do pechado das ventás e persianas, no momento do peche do Centro.
- Acendido e apagado do sistema de calefacción.
- Recollida e reparto de correspondencia, ben dentro do propio Centro ou ben dende a oficina de correos máis próxima.
- Recollida e reparto de documentos e material escolar entre as diversas dependencias do Colexio.
- Realizar, dentro das instalacións do Centro, os traslados de mobiliario que sexan precisos.
- Realiza-las fotocopias, encadernacións e traballos similares que sexan necesarios para a actividade escolar, e mantemento non técnico das máquinas (reposición de papel, do tóner, etc.).
- Custodia das chaves das diversas dependencias e instalacións do Centro.

- Atención de chamadas telefónicas que reciba o Colexio.
- Vixilancia e custodia das instalacións, mobiliario e maquinaria, tanto interiores como exteriores, controlando a entrada no Centro de persoas alleas ó mesmo.

9. REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

9.1- NORMAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO PARA TODOS OS MEMBROS

- Coñecer o Plan de Convivencia e cumprir as normas contidas no mesmo.
- Os membros deste colectivo han de respectar a dignidade, funcións e bens de todos os demais.
- Colaborar no mantemento da orde e a disciplina dentro do recinto escolar, favorecendo a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, tratando de evitar que ningún alumno poida verse sometido a ningún tipo de acoso ou fustigación por parte dun grupo de compañeiros
- A puntualidade será obrigatoria, como medio para conseguir un bo aproveitamento do tempo e por consideración e respecto ao resto do colectivo.
- Conseguir o respecto mutuo entre os membros da comunidade educativa, a través da posta en práctica dunhas normas básicas de convivencia e do exercicio dos dereitos e deberes, será a premisa básica a nosa acción educativa. Intentarase adoptar unha liña previsoras antes que correctora. A presenza física do profesorado nas distintas dependencias do centro, a súa acción continua facendo reflexionar ou recriminando condutas inapropiadas e a acción titorial en xeral prevén os conflitos e favorece as relacións entre os alumnos.
- Calquera falta de respecto ha de ser afrontada con seriedade e serenidade. Intentarase en todo momento que as medidas sexa adecuadas, adaptadas, proporcionadas, xustificadas e se é posible asumidas por alumno e familia.
- Será o titor en primeira instancia o responsable de adoptar as medidas disciplinarias que mellor corrixan as condutas.

9.2- ALUMNADO

Agrupamento

- O alumnado de tres anos matriculados no centro será agrupado atendendo aos criterios de: sexo, data nacemento seguindo orde alfabética. Formaranse grupos de clase con igual ou similar número de nenos e nenas entre eles. Procurarase unha repartición equitativa entre os grupos atendendo ao mes de nacemento dos/as alumnos/as e se fose o caso do alumnado con NEAE.
- Os mellizos e xemelgos poderán ás familias decidir como prefiren que sexa a súa escolarización.
- No 1º curso de primaria o alumnado que se incorpore de novo a centro, xunto co alumnado do propio centro, repartiranse nos tres grupos cos mesmos criterios. No cambio de ciclo, 3º e 5º curso de primaria, volverase a repartir ao alumnado nos tres grupos, tendo presente os mesmos criterios.
- Cando, comezado o curso, chegue alumnado novo ao centro, consultarase ao profesorado do nivel no que será matriculado sobre o grupo máis conveniente onde incorporalo.
- Ao finalizar o curso decidírase, entre todo o profesorado implicado, o grupo-clase no que se matricularán, ao seguinte curso, o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso.
- O alumnado que se incorpore durante o curso escolar matricularanse de acordo aos seguintes criterios:
 - Nº de ANEAE
 - Nº de alumnos

ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado acudirá puntualmente ao centro. En caso de atraso ou ausencia, será a súa familia a que xustifique esta circunstancia.
- O alumnado non poderá saír do centro sen a presenza física

dun adulto responsable e sempre nas horas establecidas para iso. En conserxería existen modelos para cubrir á hora de sacar a algún alumn@.

- E responsabilidade dos pais/nais/ titores a recollida dos alumnos no momento da saída.
- Tanto ao comezo da xornada escolar como no recreo, os alumnos organizaranse en filas e irán acompañados polo profesor que corresponda nese momento.
- Unha vez terminadas as clases, os alumnos sairán de xeito ordenado sen entreterse polos corredores.

- En Infantil deberán ser entregados persoalmente polo profesorado aos adultos responsables.

NA AULA

- Cumprirán as normas establecidas en Titoría entre todos/as a principio de curso.
- Na clase debe existir un clima de atención, silencio e traballo, seguindo as explicacións do profesorado así como respectando as intervencións dos compañeiros.
- As aulas son lugares de traballo polo que non se pode realizar nelas actividades que impidan que calquera alumno poida exercer este dereito. Entregarán aos seus pais/nais/titores calquera tipo de información que lle dea o profesorado e traeraa asinada, se así se require, canto antes.
- Manterase a aula limpa e ordenada, apagando as luces e pechando fiestras ao terminar as clases.
- Preferentemente o alumnado dos cursos superiores, non sairá ao servizo ata o recreo salvo causa xustificada.
- Non se admitirán no centro móbiles, obxectos sonoros, consolas ou similares. Se soase e interferise a clase, será retirado polo profesorado que o entregará á Dirección e será devolto unicamente as súas familias.
- Calquera obxecto que interfira o desenvolvemento das clases poderá ser retirado polo profesorado.

ENTRE CLASES

- Permanecerase dentro da aula sen crear conflitos nin desorde.
- Só se poderá saír de clase con permiso expreso do profesorado.
- O alumnado de reforzo educativo e de apoio esperarán dentro da aula ata que o profesorado os recolla, salvo acordo que permita o desprazamento sen acompañamento, para ir aos reforzos.

USO DE SERVIZOS

- O alumnado usará os servizos preferentemente da súa planta nas entradas, saídas e recreos.
- Progresivamente intentarase que non o faga durante as horas de clase.
- Sempre que se utilicen coidarase de que queden en bo estado.
- Tirarase da cadea e procurarase que non haxa atascos.
- Se non hai ninguén apagarase a luz ao saír.

TAREFAS ESCOLARES

Cando estea programada unha actividade para un determinado grupo ou curso de alumnos, non se programarán outro tipo de actividades para o alumnado que non participe nas mesmas. O alumnado que non participe nestas actividades será atendido polo profesorado que nese momento teña dispoñibilidade horaria.

Estas actividades son voluntarias tanto para o profesorado como para o alumnado; non obstante, unha vez recollidas na P.X.A e aprobadas polo Consello Escolar, son obrigatorias para o profesorado ou tutores/as que as programaron.

17.6. Réxime Administrativo

Na Secretaría do Centro existirán todos aqueles libros de rexistro, que por precepto legal, haxan de terse, correspondendo a custodia ao secretario/a do centro. Calquera membro da CE pode consultalos previa solicitude. Todos os datos de escolarización, horarios, profesorado, alumnado, etc. xestiónanse a través do programa XADE

17.7. Réxime Económico

O Director aprobará o estado de contas de cada ano e o orzamento anual do Centro, que será elaborado polo equipo directivo e a Comisión Económica. O/a Secretario/a será o/a responsable de levar a contabilidade das mesmas.

Comisión Económica

Membros: Director/a, Secretario/a, profesor/a e un pai/nai.

As funcións encomendadas son:

- Colaborar co Secretario/a do Centro na elaboración do Anteproxecto de Orzamento de Centro, na avaliación de necesidades do centro e presentar o mesmo ao Consello Escolar.
- Realizar o seguimento do cumprimento do Orzamento do Centro, informando ao Consello Escolar dos resultados.
- Outras que lle encomende o Consello Escolar no ámbito das súas competencias



18. REFORMAS DO PRESENTE DOCUMENTO

Calquera disposición legal de rango superior ao presente documento modificará automaticamente o mesmo. O presente documento poderá ser modificado a proposta formulada pola maioría absoluta do Claustro, ou dos representantes das familias do alumnado no Consello Escolar, e ratificado polo Consello Escolar. Esta proposta de modificación tamén poderá partir do Equipo Directivo ou dun terzo polo menos dos membros do Consello Escolar con dereito a voto. A modificación e aprobación do presente Plan farase por maioría absoluta dos membros do Consello Escolar con dereito a voto. Unha vez aprobado o presente documento de convivencia cada sector de representación do Consello Escolar informará aos seus representados polas canles que considere oportunas. O presente Plan entrará en vigor a partir do sétimo día natural da celebración da sesión do Consello Escolar que o aprobou, coa finalidade de dar a máxima publicidade e coñecemento entre a Comunidade Educativa.

O PRESENTE DOCUMENTO FOI APROBADO POLO CONSELLO ESCOLAR NO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2015/16

Santiago, ABRIL DE 2016

Plan de Igualdade



Anexo I



Anexo II

INTRODUCCIÓN

A coeducación é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. A educación debe levarse a cabo dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero. O presente plan, no marco do plan de convivencia e en consonancia cos documentos e protocolos do centro, pretende concretar as cuestións relacionadas coa igualdade e coa identidade de xénero e establecer actividades e medidas concretas para desenvolver os obxectivos marcados neste plan. A elaboración deste documento conleva que no Consello Escolar se designe un membro que exercerá como responsable en materia de igualdade, que a ser posible terá, ou realizará, formación específica na materia. No caso de detectarse algún caso relacionado coa violencia de xénero ou con materia de igualdade, activaranse os protocolos precisos (convivencia, acoso...) e o presente plan de igualdade, onde se concretan medidas relacionadas con esta temática.

Publicación na páxina web do centro

Copia impresa á ANPA

Dispoñibilidade no centro para a súa consulta

Envío de copia por mail ao responsable do Concello en materia de igualdade para fomentar a colaboración.

No apartado 5 defínense as medidas a poñer en marcha en caso de aparición de casos relacionados con materia de igualdade: tanto medidas de acompañamento a alumnado en situación de cambio como a alumnado vulnerable, como medidas de intervención ante casos relacionados coa igualdade.

Os contidos fundamentais a desenvolver neste plan son:

Coeducación

Igualdade de xénero

Tolerancia e respecto

Diversidade afectivo - sexual, con especial atención ao alumnado con diversidade funcional.

Eliminación de estereotipos

Dentro dos contidos a traballar, poñeremos especial atención á celebración didáctica, formativa e pedagóxica de datas sinaladas:

- día 25 de novembro contra a violencia de xénero
- día da muller traballadora (8 de marzo)
- día do orgullo LGTBI (entendido no noso centro como un día para celebrar o respecto pola diversidade afectivo - sexual existente na nosa comunidade).

É preciso polo tanto prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

Antes de comezar a desenvolver o plan, recalcamos a importancia da formación da comunidade educativa, especialmente do profesorado, en materia de igualdade.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta catro principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación segundo marca o I plan de actuacións para igualdade nos centros educativos de Galicia 2016/2020:

Transversalidade: a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.

Sociedade igualitaria: a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.

Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”: é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.

Inclusión e integración da diversidade.

A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual. No marco establecido pola LOE/LOMCE recóllese que a educación é o medio para transmitir e renovar a cultura así como os valores que a sustentan perseguindo a formación no respecto dos dereitos, das liberdades

fundamentais e da igualdade efectiva entre homes e mulleres de forma que sirvan para superar os comportamentos ou ideais sexistas.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa e tendo en conta o marco legal que respalda o presente plan, citamos:

LOE/2006 – LOMCE/2013 de Mellora da calidade educativa.

LEI 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e o D. 8/2015 que desenvolve devandita lei. o Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia

D. 105/2014 establece como un obxectivo da E.P. desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo - sexual”.

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece que establece en liñas xerais:

Art. 17: o currículo de cada un dos niveis, etapas ou ciclos adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos
- enriquecemento do contido coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.
- fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes.

Art. 22: A Consellería incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais de formación de todo o alumnado naquelas materias en que sexa procedente.

Art. 23: A Consellería fomentará a realización de actividades dirixidas á comunidade educativa para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

Art 25: A Consellería en colaboración coas ANPA, deseñará contidos para as escolas de pais e nais relativos á realidade LGTBI e aos diferentes modelos de familia.

Protocolo de Identidade de Xénero o Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar

En canto aos documentos de centro no que se enmarca este plan atópanse:

- Proxecto educativo , NOF e PXAD
- Plan de Convivencia e Plan de Orientación
- PAT Asemade, este plan de igualdade concretarase anualmente na PXA, adaptándose a realidade do contexto educativo.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA (ANEXO I)

O primeiro paso para poder plantexar uns obxectivos e unhas medidas de actuación, é analizar a situación do contexto no que se van implementar. Así, empregaremos estes instrumentos de análise:

- Sociogramas nas aulas: valórase o grao de inclusión do alumnado e o grao de vulnerabilidade
- Cuestionarios sobre estereotipos de xénero
- Preguntas sobre as preferencias laborais e razóns.
- Análise de imaxes/curtas relacionadas coa violencia de xénero nas titorías (o mestre recollerá datos sobre os comentarios do alumando)
- Observación e recollida de datos por parte dos mestres no tempo de lecer do alumnado (comentarios, xogos, actitudes nos xogos...)
- Análise da linguaxe empregada polo profesorado e nos documentos do centro. No marco do claustro, analizaremos os datos obtidos e extraeremos conclusións que nos servirán como punto de partida, de cara ao seguinte curso, para concretar obxectivos e medidas de actuación.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

Eixe 1: Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Coñecer diferencias entre homes e mulleres
- Reflexionar sobre as desigualdades existentes

Eixe 2: Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Visibilizar a realidade sobre a violencia de xénero
- Promover habilidades sociais nas que a empatía, a comunicación efectiva e o traballo en equipo sexan eixes de socialización adecuada e positiva.
- Favorecer canais de comunicación entre o alumnado, entre alumnado e profesorado e co departamento de orientación.

Eixe 3: Promoción do respecto pola diversidade afectivo - sexual

- Coñecer, adaptado a cada idade, a realidade afectivo – sexual
- Recoñecer a diversidade afectivo-sexual como un dereito de elección libre e respectable.

Eixe 4: Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia. Na actualidade, no noso centro non temos coñecemento de ningún caso. Se se dera a situación, comezaríamos a traballar de cara aos seguintes obxectivos:

- Favorecer o respecto pola diversidade
- Establecer redes de axuda entre o alumnado.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS

Organización do centro:

- Designación dunha persoa responsable en materia de igualdade dentro do Consello escolar.
- Difusión de actividades formativas entre o profesorado nesta materia por parte da orientador.
- Solicitud do Plan director en relación a esta materia, tanto para familias como para profesorado e alumnado
- Celebración das datas marcadas por calendario escolar favorecedoras de conseguir os obxectivos marcados en este Plan:
 - 25 de novembro. A idea do mesmo é que nenas e nenos de idades comprendidas entre 3 e 12 digan non a este tipo de violencia e sexan capaces de diferenciar que é o que se pode e non se pode permitir nunha relación afectiva. Intentamos achegar a súa realidade ao centro de modo que cada unha/un poda analizar diferentes aspectos e axudemos a un pensamento crítico. Durante esta semana establecerase o visionado e análises de vídeos como "de verdad es inevitable"? ou curtas para comentar posibles tipos de violencia facendo fincapé na violencia de xénero nesta ocasión
 - 24 de febreiro: coincidindo co Día de Rosalía". Da man de Rosalía coñeceremos diferentes mulleres das nosas letras que aportaron coa súa literatura riqueza cultural a nosa Comunidade e ao noso País ou países veciños
 - 8 de marzo: Invitación ao centro a diferentes mulleres da nosa contorna que realizan traballos considerados polo noso alumnado como do xénero masculino. Visibilización da muller na nosa historia: cada trimestre daremos visibilidade a mulleres pasadas e presentes que deron cabida a moitos avances, en todos os eidos, que marcaron e marcarán a historia.
 - 15 de maio: coincidindo co Día da familia celebraremos este como o conxunto de persoas que forman o noso fogar. Darémolle importancia a todos os membros por igual e estudaremos os diferentes tipos que existen, máis concretamente na nosa comunidade. * Se nalgún momento houberse no noso

centro algún caso de alumnado transexual, permitiríámoslle ao alumno/a en cuestión utilizar os aseos do xénero co que el ou ela se sinta identificado.

Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:

- Analizar os materiais curriculares desde esta perspectiva, cambiando aqueles que se consideren inadecuados.
- Introducir materiais coeducativos de elaboración propia ou que nos poda aportar algunha asociación ou a propia Consellería e Concello en relación aos ámbitos aquí recollidos.
- Cartelería coeducativa (rompedora cos estereotipos de xénero) polos corredores do centro
- Analizar a linguaxe do profesorado, ampliando nos vindeiros cursos ao resto da comunidade educativa
- Analizar a linguaxe empregada nos diferentes documentos do centro. c. Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.
- Estudo e contraposición daqueles traballos considerados desde tempos pasados ata os nosos días como de homes e mulleres e como mudou este concepto ata chegar aos nosos días.

Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.

- A través da área de Educación física traballaremos estes valores asociados ao deporte
- Nas áreas instrumentais estarán presentes aqueles referidos ás habilidades sociais principalmente

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Mensualmente nas reunións da CCP analizaranse as actividades realizadas así como as posibles suxerencias que poidan xurdir a raíz de situacións que aparezan no centro ou presentación de actividades por parte de asociacións sen ánimo de lucro, concello ou outras.

Anexo I

Situación actual do centro.

a. Indicadores internos

Recursos materiais:

- Aulas
- Espazos comúns: recreos, pistas de fútbol e baloncesto
- Grao de uso dos diferentes materiais: Deportivos, Informática, Bibliotecas... Recursos humanos:
 - Profesorado: Composición do Claustro. Tanto por cento de mulleres e de homes.
 - Distribución por niveis e materias.

Distribución de cargos de responsabilidade.

- Número de mestras e mestres participantes en actividades de formación.
- Profesorado interesado na Coeducación: funcionamento e compoñentes. Sexos en porcentaxes. Representantes no Consello: Número de homes e mulleres.
- Alumnado: Número de nenas e nenos por niveis Indicadores Externos
- Nais e pais: Situación socioeconómica de la zona: (por sexos) – Nivel de paro – Tipo de traballo – Niveis de estudo Tipo de familias

Situación actual do centro.

a. Indicadores internos

Recursos materiais:

- Aulas
- Espazos comúns: recreos, pistas de fútbol e baloncesto
- Grao de uso dos diferentes materiais: Deportivos, Informática, Bibliotecas...
- Recursos humanos:
 - Profesorado:
 - Composición do Claustro.


- Tanto por cento de mulleres e de homes.
- Distribución por niveis e materias.
- Distribución de cargos de responsabilidade.
- Número de mestras e mestres participantes en actividades de formación.
- Profesorado interesado na Coeducación: funcionamento e compoñentes.
- Sexos en porcentaxes.
- Representantes no Consello:
- Número de homes e mulleres.
- Alumnado:
 - Número de nenas e nenos por niveis
 - Indicadores Externos
- Nais e pais: Situación socioeconómica de la zona: (por sexos)
 - Nivel de paro
 - Tipo de traballo
 - Niveis de estudo

Tipo de familias

ANEXO II

MEDIDAS	INDICADORES	OBXECTIVOS
<p>O alumnado, Coñece as diferencias entre homes e mulleres e respecta as diferencias a todos os niveis tratados nas diferentes áreas ou materias educativas. Reflexionamos sobre as desigualdades existentes entre ambos sexos.</p>	<p>- Elabóranse diferentes materiais para o traballo destas materias con axuda dos diferentes membros da comunidade educativa. - Elabórase material para expoñer no centro, co axuda de todo o alumnado, das diferencias presentes entre ambos xéneros.</p>	<p>Eixe 1: Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres Obxectivos: a e b</p>
<p>O alumnado transmite habilidades de empatía e boas formas de comunicarse a través de role playing Participa en proxectos establecidos desde o centro para erradicar a violencia de xénero e facernos adultos críticos e concienciados en contra de calquera tipo de violencia.</p>	<p>Participamos en proxectos que desde o Concello ou Concellos limítrofes transmitan os valores perseguidos desde o centro para erradicar calquera tipo de violencia. - Realizamos actividades relacionadas co desenvolvemento das habilidades sociais recollidas no noso PAT. - Continuamos co proxecto equaliter proposto desde o noso centro para o traballo conxunto en toda a nosa Comunidade Autónoma.</p>	<p>Eixe 2: Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero Obxectivos: a, b e c</p>
<p>Coñecer os diferentes tipos de familias que existen e máis concretamente na nosa comunidade educativa. Recoñecer a diversidade afectivo-sexual como algo natural</p>	<p>- Celébrase o día da familia como parte da nosa educación afectiva e efectiva - Traballamos os diferentes sentimentos e emocións que podemos sentir cara as persoas e coñecemos os</p>	<p>Eixe 3: Promoción do respecto pola diversidade afectivo - sexual Obxectivos: a e b</p>

enlazado as diferenzas individuais	distintos tipos de relacións que poden existir entre elas.	
Respecto pola diversidade. Crear alumnos/as mediadores.		Eixe 4: Prevención, detección e intervención en casos de LGTBIfobia. Obxectivos: a e b



CEIP LAMAS DE ABADE

[2023-2024]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción.

1.1. Datos básicos do centro.

O presente Plan Dixital elaborouse para levarse a cabo no CEIP Lamas de Abade. Os datos deste centro son os seguintes:

Enderezo	Rúa de Lamas de Abade, 0 S/N
C.P	15702
Localidade	Santiago de Compostela
Concello	Santiago de Compostela
Provincia	A Coruña
Teléfono	981523313
Fax	981523313
Correo electrónico	ceip.lamas.abade@edu.xunta.es
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade/

O centro está composto por un total de 38 mestres e mestras, distribuídos da seguinte forma:

	Definitivo	Provisional	Total
Infantil	6	0	6
Primaria	17	1	18
Pedagogía Terapéutica	2	0	2
Audición e Linguaxe	1	1	2

Lingua estranxeira, inglés	3	0	3
Educación Física	3	0	3
Orientación	1	0	1
Música	2	0	2
Relixión Católica	1	0	1
Mentor Plan Dixital	1	0	1

Do mesmo xeito, o número de alumnado que hai no centro é de 484, organizado como segue:

Etapas	Nº de alumnos/as
Infantil	89 alumnos/as
Primaria	395 alumnos/as

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

O CEIP Lamas de Abade está situado na Zona Sueste de Santiago dentro do casco urbano, nun lugar despexado e alonxado de focos de ruído e contaminación. Conta con patios de recreo moi amplos, ben coidados e acondicionados e un patio cuberto amplo.

A maioría das familias procede da zona urbana, seguido da rural e semi-urbana case na mesma porcentaxe. O nivel socio-cultural destas é medio e adoitan colaborar na vida escolar de forma satisfactoria.

En canto ao alumnado, hai unha gran disparidade no nivel sociocultural motivado pola súa procedencia. Esta variade, aínda que achega riqueza dende o punto de vista educativo, dificulta a programación das actividades, incluíndo a relación coas TIC.

As actividades e obxectivos que se describen no presente Plan Dixital serán incluídas na Programación Xeral Anual do curso 2022/2023, co fin de que se acaden de forma satisfactoria.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

O Plan Dixital é un documento que ten como finalidade mellorar a competencia dixital do profesorado e alumnado mediante unha serie de obxectivos e actividades propostas a partir da situación actual do centro. A normativa de aplicación é a que segue:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021–2022.

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021–2022.

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021–2022.

1.4. Proceso de elaboración.

Tendo en conta a valoración xeral do curso 2022/23 e a partir das propostas de mellora achegadas nel elaboramos o plan dixital para o presente curso.

2. Situación de partida.

3. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

En cada unha das aulas dispónse dun ordenador para o profesorado xunto cun canón e pantalla dixital ou monitores interactivos multiclass, como no caso de Educación Infantil. A maioría está actualizados ademais de conectados directamente coas impresoras do centro, ao igual que os equipos das dúas salas de mestres.

En canto ó alumnado, aquel que pertence ao 5º e 6º curso de Educación Primaria dispón dos equipos EDixgal dende o curso 2021/22; en 4º de EP ten acceso aos ordenadores Abalar; nos cursos de 1º, 2º e 3º, gozan dos dispositivos destinados a alumnado vulnerable repartidos nos centros logo da situación provocada pola pandemia e nas aulas de infantil cóntase con tabletas.

Ademais dos recursos mencionados, o centro dispón de cámaras de fotografía e vídeo, trípodes, sistemas de gravación de audio e radio, tabletas, pantalla croma, un plotter de corte, plastificadoras e unha máquina de impresión 3D, material albergado na aula de Polos Creativos.

No espazo da biblioteca cóntase con ordenadores, unha mesa interactiva e unha de luz, canón, pantalla, escornabots, aparello de música e unha impresora 3D. Noutros espazos como a aula de informática e o laboratorio de idiomas, dispónse de ordenadores para o alumnado, profesorado, pantalla dixital e canón.

O mantemento dos equipamentos informáticos e dixitais mencionados, depende da súa procedencia. Así pois, os ordenadores EDIXGAL son xestionados polo servizo Premium, os que pertencen á XUNTA pola Unidade de Atención a Centros (UAC) e o resto polo centro a través dunha empresa privada.

En canto á conectividade, en todo o recinto chega a rede wifi, así como a rede edu.xunta.es e Abalar, todo xestionado por AMTEGA.

No caso dos servizos corporativos dos que o centro fai uso están:

A páxina web do centro, correo corporativo e Abalarmóbil para comunicarse coas familias.

A aula virtual e plataforma EDIXGAL, para comunicarse co alumnado.

Agueiro, o correo corporativo e o servidor do centro empregado polo profesorado para comunicarse e compartir diversos materiais, recursos e información.

Para rematar con este apartado, débense nomear os documentos de centro onde se recollen actuacións relacionadas coas TIC, sendo estes o Proxecto Educativo, as programacións didácticas de nivel e as Normas de Organización e Funcionamento, que se atopan no seguinte enlace.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplamasabade/taxonomy/term/4>

Fontes empregadas para a análise DAFO.

A finais do primeiro trimestre do curso 2021/2022, concretamente entre o 22 de novembro e o 12 de decembro, o profesorado do centro realizou a enquisa SELFIE, co fin de descubrir cal era a relación deste coas TIC. Cabe destacar que os mestres e mestras que responderon ao cuestionario debían ser definitivos no centro durante, cando menos, dous anos.

Neste exercicio de auto reflexión a participación foi a que segue:

Membros do equipo directivo	100% (3/3)
Mestres/as	72% (23/32)
Alumnos/as	82% (120/147)

1.1. Unha vez rematado o prazo, obtivéronse os seguintes resultados:

Areas	Grupos	Ensinanzas
A -Liderado.	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes.	Equipo Direct.	2,6
	Profesorado	2,7

	Alumnado	3,6
C- Infraestruturas e Equipos.	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	3,8
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo.	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos.	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,8
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula.	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación.	Equipo Direct.	2,2
	Profesorado	2,3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado.	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,9

Co fin de completar a información obtida do SELFIE, entre o 8 de febreiro e o 7 de marzo do 2022, o profesorado cubriu o Test de Competencia Dixital. Deste, obtivéronse os resultados que se amosan na seguinte táboa.

2.2.1. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación

DEFINITIVO	28	33	84,8%
PROVISIONAL	2	2	100%
INTERINO	1	1	100%
SUBSTITUTO	6	7	85,7%
DESPRAZADO	4	7	57,1%

2.2.2. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	49.8	Explorador/a (A2)	66.2	Integrador/a (B1)
PRI.	81.1	Integrador/a (B1)	77.3	Integrador/a (B1)

2.2.4. Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	4	9,8%
Explorador/a (A2)	18	43,9%

Integrador/a (B1)	11	26,8%
Experto/a (B2)	6	14,6%
Líder (C1)	2	4,9%
TOTAL	41	100%
Principiante (A1)	4	9,8%

3.1. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS EQUIPAMENTO	- O centro conta con infraestrutura e equipamento dixital adecuado na maioría das aulas.	- Non existe sistema de protección de datos.
	PERSOAL DOCENTE	- A formación dixital deséñase no propio centro. - O claustro conta coa axuda e apoio do equipo directivo para o DPC (Desenvolvemento Profesional Continuo).	- Non se valora o progreso do proceso de Ensino-Aprendizaxe con tecnoloxías. - Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado en canto á creación de

		<ul style="list-style-type: none"> - Facilitade para buscar recursos educativos en liña. - Existen canles de comunicación dentro da nosa comunidade educativa. - Escasa práctica de avaliación por competencias e con instrumentos dixitais variados. 	<p>recursos dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Discrepancia entre o equipo directivo e o profesorado e alumnado en canto á adaptación ás necesidades do alumnado. -Escaso traballo interdisciplinar.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		<ul style="list-style-type: none"> -Diferenza significativa entre alumnado e profesorado e equipo directivo en canto ao comportamento seguro e responsable. - Escasa creación de recursos dixitais.
	FAMILIAS		
	OFERTA		

	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - O equipo directivo ten articuladas ferramentas que fomentan o DPC e a autonomía dos docentes. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non hai estratexia dixital no centro. - O equipo directivo non involucra ao claustro na estratexia dixital. - Non se valora o progreso do proceso de Ensino-Aprendizaxe con tecnoloxías.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Financiamento baseada en obxectivos. - Actualización do equipamento dixital obsoleto nas aulas. - Formación dixital continua do profesorado. - Implementación de canles de comunicación e colaboración dixitais entre o profesorado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Modelos de financiamento inadecuados. - Ratio profesorado/alumnado elevado. - Demasiadas tarefas administrativas e poucas pedagóxicas. - Ratio profesorado/alumnado elevado.
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Adaptación do horario para o ensino-aprendizaxe da competencia dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> - Non hai tempo para a formación.

			- Cambios legislativos constantes.
	CONTORNA	- Creación de canles de axuda e asesoramento entre o profesorado do centro e de outros centros.	
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		- Case non hai colaboración con outras organizacións.

4. Plan de Acción.

4.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Logo da elaboración do DAFO o equipo do Plan Dixital observou diversos factores dentro das ameazas e debilidades que se deben ter en conta. Así pois, establecéronse unha serie de obxectivos con accións concretas para erradicarlas ou superalas baseados nas áreas *E. Pedagogía: apoio e recursos*.

Ditos obxectivos están relacionados coa área de mellora mencionada e tamén dentro do marco DigCompOrg ademais de ser “SMART”: Specific (específicos), Measurable (medibles), Achievable (alcanzables), Relevant (relevantes) e Time bound (temporalizados).

Deste xeito, os obxectivos plantexados para o curso 2023/2024 son:

1. Promover o uso da aula virtual corporativa co alumnado nos cursos non EDIXGAL.

2. Mellorar a competencia dixital do profesorado mediante formación no uso dos recursos da aula de Polos Creativos.

3. Afondar na competencia dixital do alumnado a través de formación en ciberseguridade e uso da aula de Polos Creativos.

Área/s de mellora: E- Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 1: (1)	Promover o uso da aula virtual corporativa co alumnado nos cursos non EDIXGAL.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores dos diferentes órganos, coordinador TIC e dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV corporativa por docente					
Valor de partida: (3)	0 cursos creados con alumnado matriculado.					
Valor previsto e data: (4)	13 cursos creados con alumnado matriculado.			Final do terceiro trimestre		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Detectar as necesidades de formación en aula virtual.	Coordinador TIC	Outubro	Enquisa a través de Abalar Box		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Solicitar formación en aula virtual (en caso de se precisar)	Profesorado.	Primeiro trimestre	Solicitud e inscrición no curso de formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Crear os cursos 2023/24 das aulas virtuais de 1º a 4º de Ed. Primaria.	Profesorado	Decembro	Ordenador con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
AO1.4: Matricular ao correspondente alumnado nos cursos 2023/24 das aulas virtuais de 1º a 4º de Ed. Primaria.	Profesorado de 1º a 4º de Ed. Primaria	Decembro	Ordenador con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E- Pedagogía: Apoios e recursos

OBXECTIVO 2: (1)	Mellorar a competencia dixital do profesorado mediante formación no uso dos recursos da aula de Polos Creativos.			Acadado		
Responsable:	Profesorado, persoa coordinadora do GT de Polos Creativos, coordinadora de Polos creativos e equipo directivo.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	n.º de recursos compartidos polo profesorado en Agueiro creados a partir destas formacións en Polos Creativos.					
Valor de partida: (3)	0 recursos compartidos por docente participante en cada un dos cursos.					
Valor previsto e data: (4)	1 recurso compartido por docente participante en cada un dos cursos de Polos Creativos.		Final do terceiro trimestre.			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Detectar as necesidades de formación en competencia dixital a través da aula virtual do centro	Coordinador TIC	Setembro	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

empregando unha enquisa.							
AO2.2: Solicitar o correspondente PFPP sobre formación para o manexo dos recursos dispoñibles no espazo dos Polos Creativos.	Coordinador TIC	Primeiro trimestre	Solicitud e inscrición no curso de formación.		Realizada		
	Profesorado solicitante						Pendente
	Dirección						
AO 2.3: Crear páxinas dentro de Agueiro con recursos para a aula de Polos creativos feitos a partir da formación recibida por parte do profesorado.	Profesorado do centro	Final do terceiro trimestre	Ordenador con conexión á rede.		Realizada		
							Pendente

Área/s de mellora: E- Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 3: (1)	Afondar na competencia dixital do alumnado a través de formación en ciberseguridade e uso da aula de Polos Creativos.				Acadado	
Responsable:	Titoras de 6º Edixgal, e dirección.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	n.º de recursos compartidos polo profesorado en Agueiro creados a partir da formación do alumnado nos Polos creativos.					
Valor de partida: (3)	0 recursos compartidos por aula participante no curso da aula de Polos Creativos.					

Valor previsto e data: (4)	1 recurso compartido por aula participante no curso da aula de Polos Creativos.			Final do terceiro trimestre.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO 3.1: Solicitar a participación do alumnado, no concurso Ciberseguridade no cole! e unha charla sobre Ciberseguridade a través do Plan Director.	Titoras de 6º Dirección	Outubro	Solicitud e inscrición no concurso e charla.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.2: Participar no concurso: Ciberseguridade no cole! e na charla sobre Ciberseguridade por parte do alumnado de 5º e 6º de EP.	Titoras de 6º Dirección	Primeiro trimestre	Ordenador con conexión á rede.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.3: Solicitar formación para o alumnado sobre os recursos da aula de Polos Creativos: vídeo, radio...etc.	Persoas coordinadoras do PFPP e Polos creativos, equipo directivo	Primeiro trimestre	Solicitud e inscrición.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO 3.4: Creación por parte do alumnado de material dixital cos	Profesorado participante no PFPP	Final do terceiro trimestre	Ordenador con conexión á rede.		Realizada	

recursos da aula de Polos Creativos: vídeo, podcast...etc.	de Polos Creativos					Aprazada	
						Pendente	

4.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

A pesar da ampla dotación de equipamentos informáticos da que dispón o centro, algúns dos aparellos son antigos e presentan problemas derivados diso como a lentitude ao acender ou cargar determinadas páxinas. Ocorre o mesmo coas pantallas dixitais, que están mal calibradas.

AMTEGA enviounos 12 paneis interactivos que foron instalados tanto nas aulas de Educación Infantil como 1º ciclo de Primaria.

Asemade, consideramos importante facer constar os continuos cortes de conectividade na rede que seguimos a sufrir a diario. Feito que nos dificulta a nosa labor docente.

5. Avaliación do plan

A avaliación do plan realizarase de diferentes formas. Nun primeiro lugar, ao longo do curso valorarase como mínimo unha vez ao trimestre as accións expostas anteriormente, coincidindo co período no que se prevé que teñan lugar. Esta avaliación será procesual permitindo revisar a temporalidade das accións.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación final na que se valorará o logro dos obxectivos, propoñéndose accións de mellora para o próximo curso se fora necesario.

6. Difusión do plan

O presente Plan Dixital, elaborado para levarse a cabo durante o curso 2023/2024, será difundido á comunidade educativa logo da súa aprobación polo Consello Escolar. Para tal fin, empregarase a páxina web do centro e a aplicación eduCalidade.